

D GLOBO

**Observatorio
para educar
na cidadanía Global**



XUNTA
DE GALICIA



cooperación galega

Que é?

O GLOBO é unha **ferramenta para a promoción da cidadanía global** iniciativa da ONGD **Solidariedade Internacional de Galicia**. O GLOBO alberga e impulsa **micro-experiencias** de transformación social e **espazos de intercambio** para compartilas e trasladalas á sociedade

Un espazo físico

Un encontro anual onde os centros de ensino, as ONGs, e outras entidades, intercambian aprendizaxes, reflexionan e constrúen cidadanía global.

Un espazo web

Onde compartir as micro-experiencias de transformación social, atopar información de utilidade, boas prácticas e recursos didácticos.

O obxectivo último d'**O GLOBO** é a incidencia social e política.

Como é?

O **GLOBO** servirá para formarse nos coñecementos, habilidades e valores necesarios para a cidadanía global.

Coñecementos

- ➔ Xustiza social e equidade.
- ➔ Comprensión das desigualdades e inxustizas sociais.
- ➔ Comprensión das interrelacións Norte-Sur.
- ➔ Comprensión da propia identidade e das diversidades nas sociedades.
- ➔ Comprender as nosas responsabilidades como cidadáns e cidadás globais.
- ➔ Coñecer o poder e como reverter situacións a través da participación e a incidencia.
- ➔ Coñecer as desigualdades de xénero e como producir cambios para a igualdade.
- ➔ Coñecer a natureza dos conflitos e como manexalos construtivamente.

Habilidades /destrezas

- ➔ Capacidade de argumentar e chegar a acordos / compromisos.
- ➔ Capacidade de exercer liderado.
- ➔ Capacidade de resolución de conflitos.
- ➔ Capacidade de colaborar con outras persoas.
- ➔ Capacidade de escoitar, ter voz e deliberar.
- ➔ Capacidade de imaxinar e crear proxectos para o ben común.

Actitudes/ valores

- ➔ Respecto e coñecemento do entorno.
- ➔ Empatía.
- ➔ Solidariedade.
- ➔ Identidade e autoestima.
- ➔ Vontade de convivir coas diferenzas e resolver conflitos.
- ➔ Conciencia crítica.
- ➔ Compromiso social.
- ➔ Optimismo cara a transformación social.

Para que é?

O GLOBO busca a transformación social:

A conciencia crítica

Fórmulas para analizar a realidade, proxectar outros mundos posibles e pasar a acción.

O compromiso social

con realidades próximas e concretas, indo do local ao global.

Sabendo que os nosos actos teñen consecuencias.

A incidencia social e política

Espazo de participación cidadá e de comunicación cara á sociedade.

Colaboración en rede

para coñecer os problemas de primeira man, colaborando con universidades e especialistas.

O desenvolvemento de competencias

Habilidades participativas e outras propias do currículo do ensino regado.

Como participar

Os obxectivos d' **O GLOBO** pódense resumir en tres: **coñecer, reflexionar e transformar** e estes tres obxectivos correspóndense a tres fases de participación: **luces, cámara... e acción!**

1

Luces...

Prendemos a luz: partimos dunha motivación (persoal, grupal e social) que nos leva a querer vela mellor, afondar nela.

- ↻ **Exemplos de motivacións – situacións**
Da «nosa» situación pasamos a «outras» similares. Porque o local tamén é global
- ↻ **Exemplos de realidades** (nosas ou de outras)
Quen participa? Fixámonos en quen intervéñ desta realidade e recollemos todos os puntos de vista
- ↻ **Papeis dos diversos axentes**
(persoas expertas, universidades, centros de estudo...)

Na práctica

Definimos a situación axudándonos de entrevistas, vídeos, audios, imaxes... que enriquezan a presentación.




2

Cámara...

Aproximámonos á realidade descuberta. Analizámola e reflexionamos, de xeito crítico. Enfocámola ben. Como poderíamos cambiala?

Na práctica:

Círculos de lectura crítica dos medios. Modelos-fichas: A reflexión crítica, O futuro desexado, Accións a desenvolver..



3

Acción!

É o momento de actuar. Que está da nosa man? Como podemos levalo a cabo? Quen pode contribuír? Pensamos en axentes e persoas con poder e incidencia na sociedade.

Na práctica

Buscamos a transformación social. Para iso concretamos as accións e os pasos que damos. Facemos balance dos resultados.



Como facer que o globo colla altura?

Visibilizando e recoñecendo as partes implicadas

(o grupo motor que puxo en marcha a iniciativa e tamén persoas colaboradoras, expertas...)

Buscando impactos visibles


e presentados de xeito «atractivo» Unha iniciativa ten capacidade REAL de transformación.

Facilitando o traballo do profesorado con persoas expertas

(formadoras en materias de comunicación, vídeo...), recursos áxiles e divertidos...

A web do GLOBO

Un espazo para facilitar a comunicación entre as participantes, compartir ferramentas e intercambiar de información durante todo o ano.



The logo for PRISMA is a green, rounded triangle pointing to the right, containing the word "PRISMA" in white, bold, uppercase letters. To the left of the triangle, a portion of the "O GLOBO" logo is visible, showing a white circle with a black dot inside.

O GLOBO PRISMA

- ➔ Do GLOBO forma parte **O PRISMA:** comisión aberta de contraste e seguimento das accións do GLOBO. A vocación interdisciplinaria d'O GLOBO e a necesaria implicación da comunidade educativa precisan dun espazo onde se poidan debater contidos, metodoloxías e funcionamento e propoñer accións organizativas e de mellora.
- ➔ Convidarase a involucrarse no PRISMA a profesorado (principalmente de secundaria), persoal investigador, entidades e iniciativas afíns e e medios de comunicación.
- ➔ Fará reunións periódicas.



En detalle

Que é?

O Observatorio é un dos resultados do Proxecto Horizonte 2030; construíndo liderados positivos para unha xuventude galega transformadora, impulsado por Solidariedade Internacional Galicia e financiado por Cooperación Galega da Xunta de Galicia.

Este proxecto quere promover novos xeitos de enfrontar problemas e facilitar solucións que requiran de accións colectivas a través de liderados que integren os atributos dunha verdadeira cidadanía global, dende un enfoque feminista, intercultural, ecoloxista e con especial atención á xuventude.

Como parte desta liña de traballo, o Observatorio é unha ferramenta educativa e de participación, con vocación de permanencia no tempo e con capacidade de dar voz a distintos perfís dentro e fora de Solidariedade Internacional Galicia, como son o alumnado de secundaria, o profesorado, o voluntariado e profesorado universitario, entre outros.

Como tal ferramenta de educación e participación, o Observatorio formula unha metodoloxía de traballo que pode ser replicada en diferentes centros de ensino ou

organizacións: unha metodoloxía baseada en coñecer a realidade, analízala desde unha conciencia crítica e propoñer accións para transformala.

Ao mesmo tempo, é un espazo de comunicación e intercambio entre as persoas participantes, así como de proxección e divulgación dos resultados cara a sociedade.

O Observatorio é unha ferramenta escalable, que comezará baixo un formato sinxelo, pero que poderá ir enriquecéndose e medrando ao longo do tempo.

- ➡ Ferramenta educativa.
- ➡ Ferramenta de participación.
- ➡ Unha metodoloxía de traballo.
- ➡ Unha ferramenta de participación.
- ➡ Un espazo de comunicación e intercambio.
- ➡ Que permanece no tempo.
- ➡ Que dá cabida a diferentes perfís.
- ➡ Escalable.

O Observatorio preséntase preséntase diante dos axentes que participan nel como **O GLOBO**.

Para que serve?

Os obxectivos do observatorio son:

Promover a conciencia crítica

- ➡ Incorporando instrumentos de consulta á poboación sobre a problemática percibida.
- ➡ Facilitando un espazo para a difusión e a consulta de fórmulas de exercer o compromiso (exemplos de boas prácticas).
- ➡ Aprendendo a transformar datos en mensaxes claras e concisas (demandas e propostas políticas).
- ➡ Facilitando a difusión e as canles de comunicación coa sociedade.

Promover o compromiso social

- ➡ Incluír informacións de realidades próximas e concretas, que permitan identificar o local e o global.
- ➡ Favorecer a conciencia sobre as consecuencias dos nosos actos.
- ➡ Evitando normalizar as problemáticas doutras persoas e favorecendo a empatía.
- ➡ Aprendendo a contrastar a información.

Investigación multidisciplinar

- Identifica aos axentes clave para ter unha fotografía da realidade.
- Promove a colaboración con universidades e especialistas.
- Coñece e contacta con outros modelos de observatorio.

Incidencia política

- Recolla un espazo para darlle voz á cidadanía.
- Emprega linguaxe sinxela e concisa.
- Presenta información manexable.
- Posiciónase como altofalante do sector e fonte de información.

Competencias educativas

- Favorece a adquisición de competencias fixadas como obxectivos no ensino regrado.
- Traballa as habilidades relacionadas coa participación e a cidadanía global.

Neste último sentido, de encadre na educación para a Cidadanía Global, ten en conta que se trata de

«Un proceso para xerar consciencias críticas, facer a cada persoa responsable e activa (comprometida), a fin de construír unha nova sociedade civil, tanto no Norte coma no Sur, comprometida coa solidariedade, entendida esta como corresponsabilidade [...], e participativa, cuxas demandas, necesidades, preocupacións e análises se teñan en conta á hora da toma de decisións políticas, económicas e sociais (CONGDE, 2004)».

«A ED fai referencia a un proceso educativo encamiñado a xerar conciencia crítica sobre a realidade mundial e a facilitar ferramentas para a participación e a transformación social en claves de xustiza e solidariedade. A ED pretende construír unha cidadanía global crítica, politicamente activa e socialmente comprometida con un desenvolvemento humano xusto e equitativo para todas as comunidades do planeta (Gema Celorio, 2007)»

Os contidos de traballo do Observatorio serán os da educación para a cidadanía global:

- ➡ Globalización e interdependencia.
- ➡ Xustiza social e desenvolvemento.
- ➡ Diversidade e inclusión.
- ➡ Cultura, minorías e interculturalidade.
- ➡ Dereitos humanos.
- ➡ Xénero e coeducación.
- ➡ Paz e conflito.
- ➡ Pensamento crítico e creativo.
- ➡ Estilos de vida e consumo responsable.
- ➡ Democracia e participación.
- ➡ Cidadanía global e identidade.
- ➡ Responsabilidade social.
- ➡ Traballo cooperativo.
- ➡ Habilidades comunicativas.
- ➡ Educación socio-afectiva e intelixencia emocional.
- ➡ Ética, espiritualidade e valores solidarios.

Tamén incorpora os obxectivos da educación transformadora:

- ➡ Cuestionar de «mitos» que se presentan como «sentido común».
- ➡ Causas e solucións estruturais e políticas, con fundamento ético-social.
- ➡ Diversos puntos de vista, versións e intereses; capacidade crítica.
- ➡ O social é conflictivo e as decisións dependen de intereses, actuacións e correlacións de forzas.
- ➡ Feitos e experiencias suxeitos a interpretación e enmarcados nun contexto que pode alterarse
- ➡ Interacción do persoal e o social.
- ➡ A realidade social é construída de forma conflictiva, e é posible e desexable que a sociedade tome un papel activo.

A través do Observatorio búscase dar resposta a estes obxectivos, de forma sostible no tempo.

Coñecementos

- ➔ Xustiza social e equidade.
- ➔ Comprensión das desigualdades e inxustizas sociais.
- ➔ Comprensión das interrelacións Norte-Sur.
- ➔ Comprensión da propia identidade e das diversidades nas sociedades.
- ➔ Comprender as nosas responsabilidades como cidadáns e cidadás globais.
- ➔ Coñecer o poder e como reverter situacións a través da participación e a incidencia.
- ➔ Coñecer as desigualdades de xénero e como producir cambios para a igualdade.
- ➔ Coñecer a natureza dos conflitos e como manexalos construtivamente.

Habilidades /destrezas

- ➔ Capacidade de argumentar e chegar a acordos / compromisos.
- ➔ Capacidade de exercer liderado.
- ➔ Capacidade de resolución de conflitos.
- ➔ Capacidade de colaborar con outras persoas.
- ➔ Capacidade de escoitar, ter voz e deliberar.
- ➔ Capacidade de imaxinar e crear proxectos para o ben común.

Actitudes/ valores

- ➔ Respecto e coñecemento do entorno.
- ➔ Empatía.
- ➔ Solidariedade.
- ➔ Identidade e autoestima.
- ➔ Vontade de convivir coas diferenzas e resolver conflitos.
- ➔ Conciencia crítica.
- ➔ Compromiso social.
- ➔ Optimismo cara a transformación social.

Como funciona?

Como metodoloxía, pauta unha forma de traballar nas aulas, seguindo un esquema con tres pasos de traballo participativo para educar na cidadanía global:

- ➡ Coñecer.
- ➡ Reflexionar.
- ➡ Transformar.

Como espazo de comunicación, intercambio e proxección social realiza un encontro anual de carácter presencial. Apóiase tamén nun espazo web para a comunicación e o acceso a recursos didácticos.

Para darlle dinamismo e acadar os obxectivos, o motor do observatorio componse dunha persoa coordinadora-dinamizadora e dunha serie de alicientes e motivacións que deben reforzar a implicación de todos os perfís de participantes.

Pasamos a abordar estes elementos con máis detalle.

Coñecer, reflexionar e transformar

En cada centro de ensino ou cada organización que queira sumarse á actividade do Observatorio, realízase un traballo participativo estruturado en tres pasos. Para apoiar e pautar dito traballo, facilitaranse guías didácticas e diferentes recursos útiles.

Estes tres pasos son: coñecer, analizar e transformar. Estructuran todas as iniciativas que se van impulsando e difundindo, para reforzar o carácter referencial entre unhas e outras.

Os tres pasos desenvólvense como unha experiencia de traballo participativo. Son:

Coñecer

- ➡ Diferentes situacións relacionadas cos contidos para unha cidadanía global.
- ➡ Realidades próximas que permitan vincular o local e o global.
- ➡ Incorporando a visión de diferentes axentes, cun importante papel de persoas expertas, universidades, centros de estudos, etc.

Reflexionar

- ➡ A partir do coñecemento anterior, analizar a situación e reflexionar sobre ela.
- ➡ Facer unha aproximación crítica á cuestión.
- ➡ Proxectar outras situacións desexables.
- ➡ Construír e propoñer liñas de acción que poidan dar resposta á situación.

Transformar

Elixir algunha liña de acción e levala a cabo. Poden ser:

- ➡ Accións directas en aspectos que estean na nosa man.
- ➡ Accións indirectas, promovendo que actúen axentes próximos a nós.
- ➡ Accións de incidencia política sobre axentes máis afastados.

Tamén poden divulgarse baixo este esquema boas prácticas que non necesariamente sexan realizadas en centros de ensino. Por exemplo, iniciativas de diferentes ONGDs.

Espazo de intercambio, comunicación e recursos

O espazo articulador do Observatorio será un encontro presencial: unha cita anual de presentación das diferentes iniciativas.

Como apoio, habilitarase un **espazo web**, que busca ser un repositorio que recolla as diferentes iniciativas e os recursos didácticos para facer destes procesos unha experiencia de aprendizaxe e participación vivencial.

Encontro anual

Cada ano realizarase un encontro ao que están convidadas todas as persoas participantes no Observatorio, desde os diferentes perfís e roles:

- ➡ Alumnado dos centros de ensino participantes.
- ➡ Profesorado.
- ➡ Socias e socios de Solidariedade Internacional e doutras ONGDs amigas.
- ➡ Persoas expertas, investigadoras e colaboradoras.
- ➡ Medios de comunicación.
- ➡ Público xeral interesado.

Os principais obxectivos dese encontro anual serán:

- ➡ Comunicación e intercambio entre as diferentes iniciativas, para a aprendizaxe mutua.
- ➡ Recoñecemento ao traballo realizado polo alumnado, como factor de motivación e reforzo da implicación.
- ➡ Talleres formativos, para afondar nos contidos de traballo e nas ferramentas didácticas.
- ➡ Incidencia social: proxección e divulgación dos resultados cara a sociedade.
- ➡ Avaliación participativa do Observatorio, que oriente a incorporación de melloras e o crecemento do propio Observatorio.

Para iso, o encontro contempla diferentes tipos de actividades:

- ➡ Actividades de presentación das iniciativas, empregando metodoloxías áxiles.
- ➡ Talleres sobre contidos relacionados coa educación para a cidadanía global e os liderados positivos e transformadores (centrados en ferramentas didácticas ou talleres formativos desenvolvidos por persoas expertas e investigadoras).
- ➡ Dinámicas de grupo para a avaliación participativa do propio observatorio.
- ➡ Dinámicas de intercambio e coñecemento mutuo, dirixidas a mellorar a cohesión e a implicación dos diferentes perfís de participantes en torno ao observatorio.
- ➡ Simulacións de roldas de prensa e presentacións aos medios, entre outras.

Esquema común de presentación de iniciativas

O alumnado dos centros de ensino, as entidades e os diferentes axentes que queiran compartir iniciativas seguirán o mesmo esquema á hora de comunicalas, tanto na cita anual como na web:

Coñecer

- ➡ Presentación clara, sintética e divulgativa da situación.
- ➡ Formato de entrevistas a axentes clave e persoas expertas.
- ➡ Formato de vídeo.
- ➡ Outras.

Para realizar estes traballos, de forma complementaria, pode contemplarse apoio formativo (formación en comunicación, en realización de vídeo, etc.)

Reflexionar

- ➡ Revisión crítica da prensa: recollida de novas e análise crítica das mesmas.
- ➡ Cadro de síntese da reflexión crítica.
- ➡ Cadro de síntese do futuro desexado.
- ➡ Cadro de posibles liñas de acción priorizadas.

Para mostrar estes resultados da reflexión, empregaranse diferentes esquemas gráficos, que permitan un acceso moi visual ás conclusións.

Transformar

- ➡ Descrición breve da acción e do que se persegue con ela.
- ➡ Secuencia ilustrada dos pasos que se dan.
- ➡ Balance de resultados.

Tamén se empregan neste caso esquemas gráficos e visuais.

Recursos didácticos

No espazo web poderá accederse a recursos didácticos que faciliten o traballo:

- Recursos e metodoloxías para o proceso de coñecer – reflexionar – transformar.
- Recursos para comunicar ben ditos pasos.

Ditos recursos especificarán o vínculo cos obxectivos curriculares das diferentes materias do ensino regrado.

O motor

En moitas ocasións créanse espazos e facilitáanse ferramentas, pero custa que despois sexan utilizadas e que o proxecto tome dinamismo. Para o funcionamento do Observatorio é preciso garantir que existe un motor.

Neste caso, cremos que deben existir, por unha parte, compromisos articulados en órganos de coordinación e gobernanza e, por outra, alicientes e motivacións para as persoas e colectivos aos que se busca involucrar.

Coordinación e gobernanza

Solidariedade Internacional

O proxecto do Observatorio é impulsado por Solidariedade Internacional Galicia. Os aspectos básicos relacionados coa súa concepción xeral e a xestión de recursos será responsabilidade súa e xestionado a través dos seus órganos sociais e directivos.

Para garantir unha dedicación á dinamización de todos os axentes e á coordinación xeral do funcionamento do observatorio, dispórase dunha persoa que asuma as funcións de coordinación e dinamización do Observatorio, a saber:

- Presentación de programacións do observatorio.
- Convocatoria das diferentes reunións dos órganos do Observatorio, incluíndo o contacto directo con persoas dos diferentes perfís propostos.
- Coordinación do encontro anual.
- Coordinación e apoio na busca e elaboración de recursos didácticos.
- Contacto con profesorado e persoas expertas para dinamización e apoio ás súas funcións.
- Informes de seguimento.

Comisión aberta do Observatorio

A súa vocación interdisciplinar do Observatorio e a necesaria implicación da comunidade educativa, fan recomendable contar cun espazo de gobernanza aberto, para as cuestións que teñen que ver cos contidos, metodoloxías e o funcionamento do Observatorio. Propónse un espazo, no que se convida a participar a:

- ➡ profesorado de centros educativos, principalmente de secundaria
- ➡ persoal investigador que traballe nos ámbitos de interese do observatorio
- ➡ entidades e iniciativas afíns
- ➡ medios de comunicación

O espazo concíbese como flexible porque pode ir incorporando a novas persoas e perfís segundo se desenvolve o observatorio. Tamén pode convocar nalgún caso a determinados perfís específicos, cando se trate de abordar temas que só lle atinxan a eles.

Realiza reunións de contraste e seguimento, das que resultarán propostas de organización, liñas de mellora, etc.

Na comunicación do Observatorio, esta comisión chámase **PRISMA**.

Motivacións persoais, grupais e sociais

É preciso conectar coas motivacións do profesorado, as persoas investigadoras e expertas e todos os colectivos a quen se busca involucrar.

Neste sentido, recolleranse as súas achegas na comisión aberta, pero adiántanse os seguintes criterios:

- ➡ Buscar impactos visibles: que o resultado das iniciativas demostre unha medible capacidade de transformación que poida ser motivadora. Neste sentido, tamén é importante visibilizar e «poñer en bonito» dito impacto.
- ➡ Recoñecemento a todas as partes implicadas. As estratexias de comunicación poden poñer o foco no recoñecemento dos esforzos e iniciativas. Tamén o recoñecemento das persoas expertas debe ser coidado e visibilizado.
- ➡ Beneficios secundarios: facilitar o traballo do profesorado, ofrecer novos recursos (por exemplo, persoas formadoras en materias de comunicación ou vídeo...), facer que os procesos sexan áxiles e divertidos, etc.

Coordinación do Observatorio

A coordinación e dinamización do Observatorio é unha función esencial para o funcionamento do mesmo. Anualmente, abordará as seguintes responsabilidades e funcións:

Programacións do Observatorio

- Realizará unha programación anual, de acordo cos órganos de goberno de Solidariedade Internacional.
- Contrastará a programación coa Comisión aberta do Observatorio, incorporando as achegas.
- Incorporará indicadores de seguimento e sistemas de recollida de información sobre os mesmos.
- Informes de seguimento.

Convocatoria das diferentes reunións dos órganos do Observatorio

- Xestionará o calendario de reunións, de acordo cos órganos de goberno de Solidariedade Internacional.
- Para a primeira conformación da Comisión Aberta, contactará persoalmente con persoas dos perfís buscados, para favorecer a súa participación (estímanse entre 10 e 20 contactos persoais, preferentemente de formato presencial).
- Elaborará as convocatorias, a documentación previa, os plans de traballo e o deseño das metodoloxías de reunión necesarias.
- Facilitará o desenvolvemento das reunións, asumindo a función de moderadora.

Plan inicial de reunións mínimas para o primeiro ano

Mes	Órgano	Contidos
Xaneiro	Co órgano goberno SI	<ul style="list-style-type: none">✔ Planificación xeral do Observatorio.✔ Posibles participantes na Comisión Aberta.✔ Calendario e loxística das reunións e encontro.
Marzo	Comisión Aberta	<ul style="list-style-type: none">✔ Conformación da comisión.✔ Presentación do Observatorio e recollida de achegas: metodoloxía, encontros, comunicación, estratexias para favorecer a implicación, etc.
Xuño	Co órgano goberno SI	<ul style="list-style-type: none">✔ Seguimento.✔ Planificación do Encontro.
Setembro	Comisión Aberta	<ul style="list-style-type: none">✔ Seguimento.✔ Organización do Encontro: contraste do programa e metodoloxía. Recollida de achegas.

Coordinación do encontro anual

- Coordinación entre os diferentes órganos para a organización do Encontro anual.
- Elaboración de propostas de traballo para ser debatidas.
- Elaboración do programa e metodoloxías de traballo.
- Contacto coas persoas e centros que participan no programa (relatorías, presentacións, etc.).
- Elaboración de documentos para a difusión: relatorio do encontro.

Coordinación e apoio na busca e elaboración de recursos didácticos

- Busca de información útil para o observatorio: contidos, persoas de referencia, etc.
- Compilación e re-elaboración de materiais didácticos de apoio.

Contacto con profesorado e persoas expertas para dinamización e apoio ás súas funcións

- Apoio directo ao profesorado para a utilización dos materiais.
- Facilitación de contactos entre diferentes perfís: profesorado e persoas expertas, etc.

Encontro anual do Observatorio

Cada ano realizarase un encontro presencial do Observatorio, que debe converterse nunha cita anual de referencia e que terá unha duración dunha xornada de mañá e tarde. En 2019 estímase que dito encontro se realice no mes de novembro. Os obxectivos do encontro son:

Comunicación e intercambio entre as diferentes iniciativas, para a aprendizaxe mutua.

- Trátase de potenciar o intercambio e a comunicación entre as diferentes iniciativas implicadas, dándolles un papel protagonista no encontro.
- Para isto, o programa do encontro incluírá actividades de presentación das iniciativas cun carácter dinámico e áxil. Por exemplo, a través de simulacións de presentacións parlamentarias, de presentacións aos medios ou outras.
- Recoñecemento ao traballo realizado polo alumnado, como factor de motivación e reforzo da implicación. Incidencia social: proxección e divulgación dos resultados cara a sociedade.

- ➡ O encontro debe ser un aliciente motivador para o alumnado e as entidades participantes, dándolles a oportunidade de ser escoitadas e escoitados e de facer tanxible a utilidade do seu traballo.
- ➡ Neste sentido, apoiarase a comunicación das súas experiencias, para facela atractiva, orixinal e integradora.
- ➡ Procurarase tamén ter incidencia nos medios e redes sociais e trasladar o traballo feito a representantes do ámbito político e social (ben sexa convidándoos ao encontro, ben por outras canles).
- ➡ Por outra parte, incorporaranse no programa dinámicas de intercambio e coñecemento mutuo, dirixidas a mellorar a cohesión e a implicación dos diferentes perfís de participantes en torno ao observatorio.

Talleres formativos, para afondar nos contidos de traballo e nas ferramentas didácticas.

Aproveitando a oportunidade do Encontro, o programa incorporará talleres sobre contidos relacionados coa educación para a cidadanía global e os liderados positivos e transformadores. Haberá dous tipos de talleres: os centrados en ferramentas didácticas, dirixidos principalmente ao profesorado e voluntariado e os talleres formativos máis centrados en análise da realidade social, desenvolto por persoas expertas e investigadoras. As metodoloxías dos talleres baséanse na participación activa de todas as persoas e na aprendizaxe vivencial.

Avaliación participativa do Observatorio

Tamén aproveitando a oportunidade do Encontro, realizarase algunha dinámica de grupo para a avaliación, que oriente a incorporación de melloras e o crecemento do propio Observatorio.

Nese encontro convidarase a todas as persoas participantes no Observatorio, desde os diferentes perfís e roles e tamén a outras persoas interesadas: Alumnado dos centros de ensino participantes, profesorado, socias e socios de Solidariedade Internacional e doutras ONGDs amigas, persoas expertas, investigadoras e colaboradoras, medios de comunicación e público xeral interesado.